

IL BUCO

Michelangelo Frammartino, 2021


1006

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2022 | V.O.S.E. | 93 min | +7

En agosto de 1961, os espeleólogos do florecente norte de Italia chegan a unha meseta de Calabria onde o tempo parece deterse. Os intrusos descubren unha das covas máis profundas do mundo, o abismo de Bifurto, baixo a mirada dun vello pastor, única testemuña do territorio virxe.

«Unha experiencia cinematográfica
mística»

Bong Joon-Ho



A escuridade e o cinema

Por Michelangelo Frammartino

Cando rodaba *Le quattro volte* (2010) en Alessandria del Carretto, o alcalde da vila, Antonio La Rocca (Nino), que é espeleólogo, axudoume a buscar o lugar de rodaxe. A miúdo dicíame o maravilloso que é o Pollino. Pensaba que eu estaba centrado de máis no culto arbóreo nese intre e quería que dedicase cando menos un día enteiro a visitar a zona. O Pollino, un macizo do sur dos Apeninos na fronteira entre Basilicata e Calabria, é un territorio vasto e fascinante. Ten canóns, sucos profundos por onde pasan os ríos. A súa natureza e a súa fauna son extraordinarios, como as aguias reais, os grifo ou os lobos. Para me convencer, Nino levoume á entrada do Bifurto. Para alguén coma min semellaba un simple buraco no chan. Situado nunha matogueira típica do Mediterráneo, non me impresionou.

Nino comezou a explicarme como soubera do lugar. Como pasara anos da súa vida alí dentro a cartografalo, empregando os sistemas antigos como un un bote inflado ou un clinómetro. Como tiña durmido e comido alí. Deixara unha parte da súa xuventude no lugar. Nino deixou caer unha pedra no burato e recordo que tardou 3 ou 4 segundos en bater nalgo. Sentín como se a pedra estivese desincronizada. Daquela entendín a verdade do lugar. Era 2007. En 2016, Nino organizou unha expedición para debloquear o burato xunto a un grupo de espeleólogos. Alí coñecín a Giulio Gècchele, de 82 anos, que dirixira a primeira expedición. Foi unha inspiración.

En 1961, mentres o boom económico mundial estaba en pleno apoxeo en Italia, Gècchele e o seu mozo Grupo Espeleolóxico do Piemonte, dedicáronse a un acto totalmente libre. Fronte a tendencia da imparabile traxectoria cara ao ceo, emprenderon unha expedición cara ao centro da terra, baixando até unha profundidade de 700 metros baixo terra, a segunda cova máis fonda do mundo, o Abismo de Bifurto.

Fíxeme varias preguntas que serviron de compás para a creación do filme. Este grupo de mozos exploradores son o produtor daqueles anos? A súa misión rematou sendo, a pesar deles mesmos, un xeito de colonización? Ao descender coas ferramentas da ciencia e a razón a unha terra arcaica e anotar e rexistrar un lugar ligado a mitos e crenzas limitáronse a revelar e traducir o descoñecido mundo subterráneo segundo os parámetros do mundo da superficie?

Il buco é un filme concibido para ser visto no cinema, na escuridade da sala, xunto a outras persoas. Mergullando o público na mesma sustancia que os espeleólogos. Na escuridade da cova non hai vaidade, sucede baixo terra, na lama. Os espeleólogos visten como o persoal de limpeza. Na espeleoloxía non hai un cume ao que chegar como no alpinismo, que ten un fin triunfal. Na cova non sabes onde vas, cando a exploración remata o lugar soe ser feo, estreito, enlamado. Sempre hai unha caste de melancolía. Esta vocación á desaparición, máis que á afirmación da visibilidade, era intrigante cinematograficamente. De feito o inicio da espeleoloxía moderna, coa fundación da primeira sociedade espeleolóxica en Francia, foi en 1895, un ano emblemático para os cineastas. Sinto ese forte vínculo entre a escuridade e o cinema, eses raios de luz na escuridade.